

## DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE

- Fotocopia do libro de familia ou documento equivalente, onde figuren o/a alumno/a e demais membros computables da unidade familiar.  
En caso de separación ou divorcio, deberán achegar, ademais, a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.
- Excepcionalmente (cando non sexa posible facelo polos medios anteriores), poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:
  - Certificado ou volante de convivencia.
  - Certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.
- Certificado de discapacidade de calquera membro da unidade familiar en caso de NON ser expedido pola Xunta de Galicia, ou non se autorice a consulta.
- Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero, de ser o caso.
- Resolución xudicial de incapacidade con patria potestade prorrogada ou rehabilitada, de ser o caso.
- Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais do concello, no caso de que o pai, nai, titor ou titores carezan de DNI e NIE.
- Fotocopia da declaración da renda, en caso de NON autorizar a consulta.
- Fotocopia do DNI, en caso de NON autorizar a consulta.

*A documentación deberá reflectir a situación persoal, familiar e económica a 31 de decembro de 2021, agás no caso de violencia de xénero , en que se aplicará o disposto na lexislación específica.*